

## INFORME DE ACTIVIDADES

Federación de Cooperativas SINERXIA  
Unión de Cooperativas de traballo asociado - UGACOTA  
Unión de Cooperativas de ensino de traballo asociado - UCETAG

Exercicio 2016

O **cooperativismo** segue dando mostras de fortaleza **en Galicia**, que pechou o ano pasado con 1.308 cooperativas activas, un 3,2 % máis das que había a finais do 2015, Seguindo a senda ascendente iniciada no 2009, no 2016 creáronse na comunidade 51 novos proxectos cooperativos, que sumaron un total de 2.017 socios. Proba de que o cooperativismo está a ser unha alternativa de emprego durante a recesión é que, das 178 cooperativas creadas no últimos seis anos, 161 (o 90%) son empresas de traballo asociado, unha fórmula que se converteu en porta de acceso ao mercado laboral cando o autoemprego é case a única vía para ocuparse.

Segundo os últimos estudos da Xunta, as cooperativas que hai en Galicia facturaban en conxunto 2.460 millóns no ano 2013, o último do que se recompilaron datos, cunha media de 5,08 millóns por entidade. Son un 30 % máis que os ingresos rexistrados no 2005, cifra que se incrementou aínda máis nos últimos anos, pola reactivación do consumo. Aínda que supón un 4,5 % do PIB galego, a cifra aínda é modesta se se compara cos rexistros do conxunto de España, onde a economía social representa xa un de cada dez euros producidos no país.

Na creación, desenvolvemento e apoio do cooperativismo xogan un papel esenciais ás súas **entidades representativas** desenvolvendo e colaborando en estratexias e programas que reforcen o cooperativismo, actuando como axente de intermediación nun proceso de diálogo construtivo entre as administracións públicas, o tecido socioeconómico e as persoas interesadas, co fin de mellorar a visibilidade e o impacto que ten o cooperativismo na sociedade, participando en actuacións que identifiquen a contribución do cooperativismo á sociedade, ao crecemento económico sustentable e á cohesión social, desenvolvendo a difusión de coñecemento e experiencias e apoiando redes que favorezan economías de escala.

## Breve Informe de actividades desenvoltas en 2016, polas entidades fusionadas

Tendo en conta que a Unión de Cooperativas ESPAZOCOOP non ten exercicio 2016 pero se subroga en dereitos e obrigas das entidades fusionadas: Federación de Cooperativas SINERXIA, a Unión de Cooperativas de Traballo Asociado UGACOTA e Unión de Cooperativas de Ensino de Traballo Asociado UCETAG, preséntanse as actividades desenvoltas por estas no 2016, ás que moitas delas daralle continuidade a nova Unión.



### FEDERACIÓN DE COOPERATIVAS SINERXIA

A Federación de Cooperativas Sinerxia desenvolve tarefas de distinta índole, en base aos seus obxectivos e principios de actuación. Das actividades realizadas ao longo de 2016, destacamos as seguintes:

a) Accións de **representación** e acción política

- Membro promotor da sección territorial da Cooperativa de servizos financeiros Coop57, S. Coop. Cat. forma parte dos órganos sociais da sección galega e da cooperativa, participando nas distintas convocatorias celebradas..
- Socia de Fiare-Banca Popolare ética, S. Coop. , participou nas reunións de Asemblea do GIT Galiza Sur.
- Socia de REAS Galicia-Rede de Redes de Economía Solidaria e Alternativa-, participou nas reunións da Asemblea.
- A nivel institucional e coa Subdirección Xeral de Economía Social da Xunta de Galiza colabórase de xeito permanente en diversas cuestións (axudas ao cooperativismo; difusión de actividades de fomento do cooperativismo; participación en feiras a través do Consello Galego de Cooperativas;...), así como en reunións e actividades do Consello Galego de Cooperativas,, como o Día Mundial do Cooperativismo.
- A Federación é membro de distintos proxectos de desenvolvemento socioeconómico como o Leader da comarca de Pontevedra –Morrazo e o Grupo de Acción Costeira da Ria de Pontevedra, nos que forma parte dos órganos sociais e e colabora nas actividades do programa.

b) Actividades de **fomento do cooperativismo**, na que desenvolveu actuacións nas áreas de:

- Formación e divulgación cooperativa

- Programa de formación á carta para cooperativas e outras entidades de economía social en temáticas estratéxicas para o seu afortalamiento: executáronse 2 accións sobre xestión nunha cooperativa de consumo e estados financeiros e fiscalidade cooperativa, sendo 5 as cooperativas beneficiarias do programa. Actuación correspondente á programación na Rede Eusumo.

- Programa de dinamización do cooperativismo nun sector potencial . Realizáronse 10 actividades formativas dirixidas a dinamizar a creación de cooperativas en nove sectores económicos: educación e tempo libre; comercio; (agro)ecoloxía; ambiental-forestal; saúde, benestar e servizos sociais; asesoría-consultoría; cultura. Actuación correspondente á programación na Rede Eusumo.

- Difusión e divulgación do financiamento ético de base cooperativa: organizáronse, coordináronse e/ou realizáronse 25 actuacións de distinta natureza: talleres; presentacións arredor de Coop57 e o seu funcionamento e servizos financeiros.

- Asesoramento

- Titorización no proceso de constitución e análise de viabilidade dun proxecto cooperativo.

- Acompañamento nun plan de mellora para 5 cooperativas activas.

- Asesoramento e seguimento de 9 grupos emprendedores e numerosas consultas de cooperativas activas.

- Actuacións no eido da intercooperacións

- Dinamización da Secretaría Técnica da sección galega da Cooperativa de Servizos Éticos e Solidarios Coop57.

- Desenvolvemento do programa plurianual para o fomento e consolidación de procesos de intercooperación a través de mercados no ámbito da economía social e solidaria (Mercado Social), cun taller para concretar ferramentas e estratexias de intercooperación entre as cooperativas socias das asociacións UGACOTA, UCETAG e SINERXIA. Tamén se realizou neste programa unha xornada e intercooperación das iniciativas de economía solidaria do sistema de finanzas éticas de Galicia.
- Apoio técnico á xestión e programas da Unión de Cooperativas do Mar de Galicia – UGACOMAR.
- Participación no proceso de planeamento e creación de Espazocoop, Unión de Cooperativas, resultado da fusión de UGACOTA, UCETAG e SINERXIA.

### c) **Comunicación** e medios

- Web : Difusión de novas e actividades vinculadas á Federación e as súas socias e da economía social e solidaria.
- Boletín electrónico da Federación e Unións Socias: Colaboración na realización de contidos e difusión.

## UNIÓN DE COOPERATIVAS DE TRABAJO ASOCIADO- UGACOTA



Ugacota desenvolve servizos de carácter estable ou permanente e outros que responden a demandas puntuais ou a programas temporais, dos que forma parte:

a) Prestación de **servizos permanentes** dirixidos fundamentalmente ás cooperativas asociadas, pero nos que se atende a calquera cooperativa de traballo ou persoa solicitante

- Servizo de asesoría e xestión societaria, no que resollen dúbida e se facilitan pautas de aplicación da normativa de cara ó correcto funcionamento societario das cooperativas, ó tempo que se realizan diferentes xestións, neste eido: redacción de actas, dilixencia de libros sociais, trámites de renovación de cargos, asesoramento técnicos en reunións, modificacións estatutarias, altas e baixas de socios/as, organización cooperativa, etc.
- Servizo de asesoría empresarial contable-fiscal e laboral, para a resolución de dúbidas e información sobre cuestións que as cooperativas deben ter en conta de cara á súa correcta xestión. Xunto coa realización da xestión contable e fiscal da entidade.
- Servizo de asesoría xurídica: atención de consultas sobre cuestións legais e de xurisprudencia, fundamentalmente de carácter laboral e societario, aínda que se atenden consultas sobre calquera aspecto relacionado coa empresa: reclamación de impagos, despedimentos, baixas societarias, liquidacións, reembolsos de capital, etc.. Este servizo subcontrátase a una despacho laboralista (Iuris Compostela Avogadas, S.L.)

- Servizos sectoriais: creados co fin de atender unha demanda sectorial e garantir a calidade axeitada; evidentemente é necesaria a presenza dun grupo de cooperativas dun mesmo sector que fagan viable a existencia deste tipo de servizos. Neste intre préstase un servizo de mantemento de maquinaria e venda de repostos ás cooperativas de confección industrial, mediante a subcontratación dunha empresa especializada.

- Servizo de asesoramento e acompañamento en procesos de mellora empresarial e societaria, mediante unha análise de autoavaliación e detección de necesidades e a posterior intervención nas áreas que o precisen.

- Asesoramento e acompañamento de grupos emprendedores. Ao longo do ano pasado atendéronse a un total de 89 persoas interesados pola posibilidade que a cooperativa lles brindaba de cara á súa inserción no mundo laboral; destas consultas resultaron 4 proxectos cooperativos cos que se traballou no proceso de constitución da cooperativa.

Tramitacións de subvencións para os grupos emprendedores que se titorizaron desde Ugacota e asesoramento e resolución de consultas para calquera cooperativa que o solicite.

- Comunicación permanente tanto sobre aspectos e contidos de interese para as cooperativas asociadas (convocatorias de subvencións, actividades de divulgación, presenza en Feiras, programas de mellora, etc.) como sobre as actividades que está a desenvolver a entidade de cara a incrementar o coñecemento e participación na mesma. Realízase un proceso de actualización permanente de contidos e ferramentas na web corporativa, que está a xogar un importante papel de difusión das actividades que se realizan na entidade, nas cooperativas asociadas e no eido cooperativo, en xeral. Realízase un boletín web semanal no que se destacan ás novas máis relevantes incorporadas á web durante a semana, coa posibilidade de consultas e ampliar información mediante un enlace directo á web.

A páxina web serve ademais como canal de información e inscrición ás distintas actividades que desenvolveu Ugacota, entre as que se atopan as realizadas no marco desta orde de axudas.

Xogou tamén un importante papel como canal de comunicación e recollida de achegas en todo o proceso consultivo do proceso de fusión das entidades asociativas Sinerxia, Ucetag e Ugacota.

Como estratexia de divulgación nos medios de comunicación de cara a impulsalo emprendemento cooperativo, púxose un anuncio no especial sobre cooperativismo, de O Correo Galego, no marco da celebración do Día do cooperativismo o día 2 de xullo.

- Xestión de servizos/produtos de interese/uso comúns que promovan a intercooperación e/ou a recepción de ofertas melloradas, en produtos e/ou servizos compartidos.

- Captación de cooperativas, realízase ao longo do ano mediante visitas e chamadas telefónicas, coa posterior actualización das bases de datos.

- No proceso de búsqueda de recursos preséntanse propostas a distintas entidades e organismos. O ano pasado tramitouse a orde de axudas para ás asociacións de cooperativas e o convenio de colaboración entre a Unión e o

Concello de A Coruña, así como a candidatura conxunta ao FSE presentada por Coceta, na que se integrou Ugacota.

b) realízanse distintas **actividades de carácter representativo**, tanto internas como noutros organismos:

- Preparación e celebración de reunións de carácter interno, tanto do Consello Reitor e Asemblea de Ugacota como de nivel técnico. No 2016 traballouse de xeito coordinado coas asociacións Sinerxia e Ucetag, retomando e facendo efectiva a proposta de fusión entre as tres entidades, trala aprobación da modificación da lei de cooperativas que permite a asociación multiclase.
- Asistencias ás reunións do Pleno e a Comisión Permanente Consello Galego de Cooperativas, en calidade de membro do mesmo, así como a calquera outra convocatoria do mesmo. Presentación e negociación de propostas ás ordes de axudas e convocatoria, relativas ó cooperativismo, que pasan a informe do Consello. Ugacota asistiu, en 2016, a un Pleno e dúas reunións da Comisión Permanente, á convocatoria de xurado dos premios de ensino, así como á celebración do Día do cooperativismo galego, o 2 de xullo, na cooperativa Viña Costeira, S. Copp. Galega en Ribadavia (Ourense).
- Presentación, polo Conselleiro de economía, emprego e industria e a Secretaria xeral de emprego, ao sector da economía social da Axenda 20 para o emprego, na que se recollen liñas de apoio á economía social e o cooperativismo destinadas a fomentar a creación de emprego e o emprendemento no sector. Tralo acto presentáronse propostas de mellora e visibilización do cooperativismo.
- Encontro do cooperativismo galaico portugués organizado pola Agrupación europea de cooperación territorial Galicia-Norte de Portugal, para a posta en marcha dun Encontro do cooperativismo galego e portugués para o vindeiro ano 2017 destinado a dinamizar sinerxías e colaboracións entre as cooperativas de ambos territorios.
- Asistiuse á reunión do Centro de Estudos Cooperativos (CECOOP) na que se informou das actuacións do exercicio anterior e as propostas para este; asistiuse á Xornada sobre a Lei de economía social de Galicia, celebrada no mes de novembro.
- Participouse na Xornada de peche do Programa ICoopera, destinado a incentivar e titorizar procesos de innovación e utilizacións das tics., no que participaron varias cooperativas de Ugacota, na que tivo unha intervención Celso Gándara, presidente da Unión.
- Preparación e asistencia a reunións da Cooperativa de servizos financeiros Coop57. Ugacota forma parte do Consello territorial da sección galega e do Consello Reitor da cooperativa; e é membro da Comisión Delegada do Consello e do Grupo de traballo de desenvolvemento territorial que reflicta o seu nivel de implicación coa cooperativa que está a ser unha importante vía de financiamento para moitas cooperativas de traballo asociado.
- Participar nas distintas actividades que desenvolve COCETA (Confederación de Cooperativas de Traballo Asociado), dende preparación e asistencia ás reunións dos órganos de goberno, ata reunións técnicas de planificación e participación

en distintos proxectos, intercambios de información, artigos para as publicacións confederais, etc. O ano pasado asistíuse a oito reunións de Consello Reitor e a dúas reunións de carácter técnico, na primeira déronse a coñecer diferentes liñas de actuación dirixidas a fomentar a creación de cooperativas, así como as novas formas de organizar o traballo e apoiar a prestación de servizos en réxime cooperativo desde a experiencia de distintos territorios e na segunda tratáronse as propostas para participar na candidatura de Coceta á convocatoria de CEPES de subvencións dirixidas a entidades e empresas da economía social para o desenvolvemento de proxectos destinados á creación de empregos e empresas, a profesionalización dos recursos humanos e da xestión das entidades da economía social, no marco do P.O. de inclusión social e economía social cofinanciado polo FSE para o período 2014-20.

No 2016 Coceta celebrou o seu 30 aniversario no marco do que realizou distintas convocatorias de actos institucionais, concursos en centros de ensino, convocatoria para a creación dunha nova imaxe corporativa, etc. ás que Ugacota lles deu a correspondente difusión, no territorio.

- Participouse na audiencia pública que organizou o Consello Económico e Social Europeo (CESE) o 7 de xullo na Universidade de Santiago de Compostela, na que se convocou a numerosas persoas expertas para recoller recomendacións dirixidas aos responsables políticos sobre medidas e actuacións para a creación de empresas innovadoras. Trasládouse o papel que está a xogar e déronse a coñecer as potencialidades da fórmula cooperativa como ferramenta de emprendemento.

c) Por outra parte execútanse distintos **programas e actuacións dirixidos ao fomento do cooperativismo** e á formación de persoas emprendedoras

- No marco da Rede Eusumo realizáronse:

31 Obradoiros presencias de 20h cada un

2 Cursos de teleformación sobre Responsabilidade social empresarial

1 Encontro para a mellora da intercooperación entre empresas da economía social

Ademais das actividades propias se colabora coa Rede na difusión das actividades doutras entidades e na realización delas, cando así nolo demandan, colaborouse no fortalecemento da Rede Eusumo trasladando propostas de colaboración a entidades como a Deputación de Pontevedra ou colaborando na resolución de solicitudes como a da Universidade de Vigo e trasladando a conveniencia da súa inclusión na mesma, como se fixo cos concellos de A Coruña e Santiago de Compostela, membros da Rede neste momento.

- Dando continuidade á colaboracións co Concello de A Coruña asinouse un convenio para realizar de actividades de creación de emprego a través da economía social. O convenio levounos a impartir cinco obradoiros dirixidos á formación en distintas áreas, para o emprendemento cooperativo e a organización dun Seminario-conferencia sobre a economía social e as novas economías, que se realizou do día 16 de decembro cun notable nivel de asistencia e unha alta valoración das persoas intervintes, tanto relatores como representantes de experiencia.

- Participamos no Plan de igualdade do concello de Santiago de Compostela a través de varias reunións de traballo nas que se reflexionou sobre distintas cuestións, entre elas o emprego e o autoemprego, para unha diagnose de situación e identificar as liñas de actuación do concello.

- Desenvolvéronse distintas actividades divulgativas e de fomento do cooperativismo, como resposta a demandas concretas:

- o 2 de marzo, Xornada de autoemprego organizada por Cáritas de Lugo
- o 22 de abril, Xornada "A forza do local" organizada polo concello de Sada
- o 25 de outubro deuse unha charla sobre cooperativismo no CFP Tomás Barros de A Coruña
- o 3 de novembro unha charla para persoas emprendedoras no Espazo coworking O Papagaio do concello de A Coruña
- O 28 de novembro impartíuse unha charla sobre cooperativismo como alternativa de emprego no Obradoiro de emprego Tambre-Ulla en O Pino
- do 20 de novembro ao 1 de decembro realizouse un obradoiro de 20h. para un itinerario de emprego do concello de Cariño
- o 2 de decembro impartíuse unha charla sobre cooperativismo como alternativa de emprego no Obradoiro de emprego de Val do Dubra.
- o 12 de decembro impartíuse unha charla sobre cooperativismo como alternativa de emprego no Obradoiro de emprego de Sobrado dos Monxes.

Moitas destas actividades corresponden aos compromisos de execución do programa CRECES da Confederación de cooperativas COCETA co que colabora Ugacota, no marco da convocatoria do FSE realizada por CEPES para os anos 2016-17 denominada POISES correspondente ao programa operativo 8.3 de creación de emprego e fomento do emprendemento.

- Ao longo do ano estívoase a traballar de forma intensiva no proceso de integración das asociacións de cooperativas Sinerxia, Ugacota e Ucetag (finalmente Ugacomar decidiu descolgarse do proceso). Trala aprobación definitiva da Lei de economía social de Galicia, na que se incorporaba a modificación da Lei de cooperativa necesaria para constituír unha Unión multiclase, retomouse definitivamente a proposta de fusión e a elaboración dos documentos necesarios para formalizar o proceso e constituír unha nova Unión de cooperativas resultante do mesmo. Tralo acordo de iniciar o proceso de fusión na asemblea de xuño, se iniciaron traballos de elaboración do organigrama funcional do equipo técnico e o plan estratéxico da nova entidade,, así como a elaboración da imaxe corporativa e o nome da Unión a crear, realizados todos mediante un proceso participativo e de consulta ás cooperativas asociadas. Os produtos resultantes presentáronse na asemblea que acordou a fusión o 5 de novembro de 2016 e que deu paso á formalización da disolución de Ugacota coa creación da Unión de Cooperativas Espazocoop, no 2017.



O proceso de fusión non soamente supuxo cambios formais senón tamén procesos de actualización e revisión de procedementos e ferramentas tecnolóxicas de axuden á coordinación dun equipo técnico de nove persoas distribuídas en tres centros de traballo.



## UNIÓN GALEGA DE COOPERATIVAS DE ENSINO DE TRABALLO ASOCIADO (UCETAG)

As actividades realizadas o ano pasado clasifícanse nas seguintes áreas de actuación:

### a) **Ámbito representativo**

Esta liña de traballo é especialmente importante se temos en conta a gran dependencia de fondos públicos de case todas as cooperativas, centros privados concertados, sexan estes fondos da Xunta de Galicia, sexan da Administración Local. A presenza nas mesas de negociación, como sector diferenciado a respecto da patronal e dos sindicatos, garante a visibilidade do sector cooperativo e a toma en consideración das súas necesidades e virtualidades específicas.

A UCETAG defende para o mundo do ensino os valores que son propios ao cooperativismo, como a democracia, a igualdade, o compromiso coa comunidade, procurando valorizar e garantir estes valores naqueles espazos de negociación onde as cooperativas se xogan recursos.

1- Participación nas mesas de negociación do ensino privado concertado, nomeadamente nos seguintes puntos:

- Programa de Gratuidade Solidaria dos Libros de Texto.
- Negociacións sobre equipos docentes, homologación retributiva e incremento da partida de gastos de funcionamento.
- Comisión de seguimento da Paga Extraordinaria por antigüidade na empresa.
- Reunións para o estudo e aprobación do Calendario Escolar 2016-2017.
- Negociación sobre a Orde de axudas para centros concertados que escolaricen alumnos con NEE.
- Achegas normativa procedemento admisión alumnado en centros sostidos con fondos públicos.
- Participación nas comisións de valoración concertos educativos 2013-2017.

2- Participación nos plenos do Consello Galego de Cooperativas.

3- Participación nas asembleas e consellos reitores da Unión Española de Cooperativas de Enseñanza-UECOE. Especial importancia tivo no 2016 a celebración en Salou, do XVII Congreso da UECO, onde participou unha delegación da UCETAG formada por 9 persoas, representando a 4 cooperativas asociadas.

### b) **Formación e divulgación cooperativa**

As actividades realizadas o ano pasado, son as seguintes:

1- Programa Aprender a emprender

Mediante a realización de xornadas divulgativas e obradoiros de traballo en 3 institutos de Formación Profesional, nas que participaron un total de 132 persoas.

2- Curso Regulamento de Réxime interno de cooperativas, en modalidade mixta: teleformación e presencial

De 30 horas de duración, das cales 24 son a distancia e 6 presenciais. Realizáronse 2 edicións cun total de 25 participantes.

3- Curso de Asembleas e reunións, en modalidade mixta: teleformación e presencial

De 30 horas de duración, das cales 24 son a distancia e 6 presenciais. Realizáronse 4 edicións cun total de 51 participantes.

4- Curso Educar en cooperativismo, modalidade presencial.

Dirixido a profesionais do ensino, ten como obxectivo a adquisición de coñecementos e recursos pedagóxicos dirixidos a difusión dos valores e principios do cooperativismo entre o alumnado. Realizáronse 5 edicións, cun total de 61 participantes.

5- Curso Cooperativas de ensino como alternativa de emprego, modalidade presencial. .

Dirixido a persoas potencialmente interesadas na constitución ou na participación dunha cooperativa de ensino, de cara a valorar todas as singularidades desta modalidade empresarial e pedagóxica. Realizáronse 5 edicións cun total de 48 participantes.

### c) **Servizos ás cooperativas asociadas**

De xeito permanente realízanse actividades destinadas ás cooperativas socias, como as seguintes:

1- Servizo de documentación. Mediante a remisión de toda a normativa e as novas de interese publicadas nos diarios oficiais e os medios de comunicación.

2- Páxina Web. Mediante a súa actualización semanal.

3- Asesoramento Xurídico. Tanto en materia educativa como no campo da organización empresarial. O estudo continuado das diferentes normativas educativas, a presenza nas mesas de negociación, o contraste con outras realidades do Estado, a recollida das diferentes problemáticas de cada cooperativa... fan que esta sexa unha das liñas de acción principais e máis valorada polas cooperativas asociadas xa que lles garante unha permanente actualización e coñecemento de normativas e condicións de traballo necesarias para planificar e desenvolver o seu día a día.

4- Asesoramento e tramitación de axudas e subvencións. Moitas cooperativas non contan con persoal especializado na xestión empresarial, de aí a necesidade de programas e actuación de acompañamento para a consolidación e mellora empresarial.

5- Solicitude e xestión da formación específica daqueles centros que así o soliciten.

- 6- Comercialización conxunta de colonias e campamentos de verán.
- 7- Sinatura e/ou renovación de acordos de colaboración con distintas empresas no ámbito dos seguros, vixancia da saúde e prevención de riscos laborais, inspección de instalacións eléctricas, protección de datos ou formación.
- Pendente dos retos das cooperativas de ensino no ámbito empresarial (fundamentalmente no aforro de custos e na captación de financiamento complementario), a UCETAG procura unir ás cooperativas para poñelas en mellores condicións de posibilidades: provedores de material, seguros, servizos adaptados, etc
- 8- Apoio á difusión do cooperativismo entre o alumnado das cooperativas asociadas, mediante o asesoramento e entrega de material específico para o profesorado dos centros. A elaboración, revisión e difusión de materiais cooperativos (manuais, unidades didácticas, informes), co obxecto de valorizar experiencias, favorecer a súa chegada ao sector educativo e apoiar procesos formativos. Trátase, en definitiva, de reforzar a identidade e valorizar a fórmula cooperativa na propia actividade educativa.
- 9- Xestión de Cursos de Inglés no estranxeiro.
- 10- Presenza nas feiras, encontros ou congresos que resulten de interese para a Unión e/ou as cooperativas asociadas.
- 11- Negociacións con entidades crediticias para a obtención de mellores condicións no acceso ós produtos financeiros.
- 12- Fomentar a intercooperación entre os nosos centros e entre estes e a propia Unión, mediante o intercambio de informacións sobre recursos, necesidades comúns e plans de actuación, que permitan unha maior colaboración e enriquecemento mutuo, en actividades tales como o intercambio de alumnos, participación conxunta en programas educativos ou a organización de eventos (campionatos deportivos, viaxes educativas e culturais ou festivais escolares). Dentro desde campo destacar a participación da UCETAG como coordinadora do VI FORO INTERCOMUNITARIO DE INVESTIGACIÓN XUVENIL, celebrado no Campus Universitario de Lugo os días 12, 13 e 14 de maio e no que estiveron presentes 9 centros de ensino de Cataluña, Extremadura e Galicia.
- 13- Continuación do programa de captación de novas asociadas para a Unión, mediante a visita e presentación a aquelas cooperativas xa constituídas, como a asesoramento a aqueles proxectos que están en fase de constitución.

Moitas das actividades desenvoltas no 2016 polas tres entidades terán continuidade en Espazocoop, xunto con aquelas outras resultado do desenvolvemento das liñas estratéxicas da nova Unión.